BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

LUNS, 9 DE NOVEMBRO DE 2026 N.º 257

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

LOURENZÁ

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

Padrón fiscal do Servizo de AXUDA NO FOGAR do mes de Setembro de 2026.

EDICTO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 23 de outubro de 2026, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Setembro de 2026 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil douscentos oitenta e un euros con corenta e sete céntimos de euro (3.281,47€), tres mil corenta e sete euros con cincuenta e cinco céntimos de euro(3.047,55€) correspondente a dependencia, e douscentos trinta e tres euros con noventa e dous céntimos de euros (233,92€) son de libre concorrencia.

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de setembro de 2026.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo sociais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será da primeira quincena do mes seguinte.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 23 de outubro de 2026.- A alcaldesa, D.ª Rocío López García.

R. 3028

LUGO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2026 (acordo número 2/145), o expediente de modificación de créditos na modalidade de transferencia de crédito número 36/2026, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169.1, por remisión do artigo 179.4, do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Os interesados lexitimados, segundo o artigo 170 do mencionado Texto refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2 do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o citado acordo plenario quedará elevado automaticamente a definitivo.

Anuncio publicado en: Num BOP 257 año 2026 (09/11/2026 08:00:00)

Lugo, 2 de novembro de 2026.- A alcaldesa presidenta, Excma. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 3029

Anuncio

Aprobado inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2026 (acordo número 4/147), o expediente de suplemento de crédito-crédito extraordinario número 2/2026, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Os interesados lexitimados, segundo o artigo 170 do mencionado Texto refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2) do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado.

Lugo, 2 de novembro de 2026.- A alcaldesa presidenta, Excma. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 3030

Anuncio

Aprobado inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2026 (acordo número 5/148), o expediente de suplemento de crédito-crédito extraordinario número 3/2026, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Os interesados lexitimados, segundo o artigo 170 do mencionado Texto refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2) do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado.

Lugo, 2 de novembro de 2026.- A alcaldesa presidenta, Excma. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 3031

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 21 de setembro de 2026, adoptou o acordo 5/388, polo que se acordou, entre outros, delegar na tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal a competencia para adxudicación do contrato relativo á realización da obra de mellora dos accesos aos núcleos de Trasfontao (Coeses), Pollido (Coeses) e Ribadelo (Ribas de Miño).

Por todo o cal e con base ao sinalado no artigo 9 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público exponse ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para xereal coñecemento.

Lugo, 3 de novembro de 2026.- A tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, María del Mar Carballas Piñeiro.

R. 3032

Anuncio

Por Decreto número 8408/2026, de data dezanove de outubro de 2026, aprobouse o Padrón de subministración de auga e IVA sobre o consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ao terceiro trimestre de 2026, que se expón ao público no Servizo de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de vinte días hábiles, a contar desde o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Os obrigados tributarios poderán formular contra os recibos contidos no Padrón reclamación económico-administrativa ou recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública do correspondente padrón.

Anuncio publicado en: Num BOP 257 año 2026 (09/11/2026 08:00:00)

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Lugo, 26 de outubro de 2026.- A alcaldesa presidenta, Excma. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 3046

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 543/2026, de data 3 de novembro de 2026, prestouse aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de outubro de 2026, na modalidade de SAF dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1)contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 3 de novembro de 2026 ao 2 de xaneiro de 2026.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 4 de novembro de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 3047

MONDOÑEDO

Anuncio

EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS

En Xunta de Goberno Local de 26 de outubro de 2026 aprobouse o Padrón **da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 5º BIMESTRE DO 2025.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 2 de novembro ao 31 de decembro do 2026, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais

Anuncio publicado en: Num BOP 257 año 2026 (09/11/2026 08:00:00)

conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 2 de novembro de 2026.- O alcalde, Manuel A. Otero Legide.

R. 3033

OUTEIRO DE REI

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO/ SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 1/2026.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de data 24 de setembro de 2026, sobre o expediente de crédito extraordinario/suplemento de crédito núm. 1/2026, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, como segue a continuación:

	Clasificación económica - Resume xeral		
	A.- OPERACIÓNS CORRENTES		
Cap.	**Descripción**	**Consignación inicial**	**Consignación definitiva**
1	GASTOS DE PERSOAL	1.605.192,88	1.605.192,88
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVZOS	3.690.156,59	4.100.156,59
3	GASTOS FINANCEIROS	66.000,00	66.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	318.471,00	318.471,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00	0,00
	Total operaciones Correntes	**5.679.820,47**	**6.089.820,47**
	Clasificación económica - Resume xeral		
	B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL		
Cap.	**Descripción**	**Consignación inicial**	**Consignación definitiva**
6	INVESTIMENTOS REAIS	2.988.520,05	3.408.570,05
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	125.887,99	125.887,99
	Total operacións de Capital	**3.114.408,04**	**3.534.458,04**
	Total orzamento	**8.794.228,51**	**9.624.278,51**

	Clasificación económica - Resume xeral		
	A.- OPERACIÓNS CORRENTES		
Cap.	**Descripción**	**Consignación inicial**	**Consignación definitiva**
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.727.000,00	1.727.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	220.000,00	220.000,00

Anuncio publicado en: Num BOP 257 año 2026 (09/11/2026 08:00:00)

3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	2.982.358,54	2.982.358,54
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.883.046,49	2.883.046,49
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	5.750,00	5.750,00
	Total operacións correntes	**7.818.155,03**	**7.818.155,03**
	Clasificación económica - Resume xeral		
	B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL		
Cap.	**Descripción**	**Consignación definitiva**	**Consignación definitiva**
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	821.083,76	821.083,76
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	830.050,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	154.989,72	154.989,72
	Total operacións de Capital	**976.073,48**	**1.806.123,48**
	Total Presupuesto	**8.794.228,51**	**9.624.278,51**

O que se publica para os efectos previstos na lexislación citada, facendo constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 171 Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, na forma e prazo establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Outeiro de Rei, 3 de novembro de 2026.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3048

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA.

MODIFICACIÓN (4) DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO POSTO DE RESOURERÍA. REASIGNACIÓN DE FUNCIÓNS POR COBERTURA POR HABILITADO NACIONAL.

José Pardo Lombao, alcalde do Concello de Outeiro de Rei, sometín a exposición no BOP da Lugo o acordo aprobado por unanimidade polo Pleno desta Corporación en sesión de 24 de setembro de 2026. En data 3 de novembro de 2026 non consta presentada ningunha alegación ó mesmo.

Con base no anterior procede elevar a definitivo o acordo ata entón provisional, polo que se acorda:

1º.- Aprobar definitivamente a modificación da Relacion de Postos de Traballo (4º) no que se refire á modificación de funcións do posto de Tesourería – funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional. Esta modificación conleva novas funcións de maior responsabilidade e complexidade, adaptadas á nova realidade, o que conleva a modificación da puntuación do posto 107 ptos.

2º.- Modificar definitivamente o cadro de persoal no que se refire á Anexo de Persoal Funcionario Tesoureiro para adaptalo a esa nova realidade.

3º.- Aprobados definitivamente estes acordos, serán sometidos a publicación definitiva no BOP de Lugo e incorporados no texto en vigor da RPT e do Orzamento municipal para 2026.

Outeiro de Rei, 3 de novembro de 2026.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3049

Anuncio publicado en: Num BOP 257 año 2026 (09/11/2026 08:00:00)

POL

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ESPECIAL DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE POL

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de setembro de 2026, acordou aprobar inicialmente a modificación do **Regulamento especial de honras e distincións do Concello de Pol**, publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 142, do 22 de xuño de 2023.

Sometido o expediente a información pública e audiencia ás persoas interesadas mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 213, do 17 de setembro de 2026, e inserido no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal, e non téndose presentado reclamación nin suxestión ningunha durante o prazo concedido, o acordo ata entón provisional queda elevado a definitivo, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da citada lei, procédese á publicación do texto íntegro da modificación, que figura no anexo deste anuncio, sen que entre en vigor ata que teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da mesma lei.

Contra este acordo, elevado a definitivo, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade cos artigos 10.1.b) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.

Pol, 4 de novembro de 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

ANEXO I

REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE POL

TÍTULO I

Das distincións honoríficas

Artigo 1.

1. Mediante o presente Regulamento regúlase o proceso de concesión de honras e distincións municipais a aquelas persoas naturais ou xurídicas merecedoras do devandito recoñecemento, a teor do disposto nas disposicións legais vixentes en materia de réxime local da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigos 186 ao 191 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

2. As distincións que poderá conceder o Concello de Pol para premiar méritos e servizos extraordinarios son as seguintes:

- Título de Fillo Predilecto.
- Título de Fillo Adoptivo.
- Medallas de ouro e prata.
- Título de Cronista Oficial.
- Denominación de rúas, prazas ou edificios e espazos públicos.

3. Todas as distincións teñen un carácter exclusivamente honorífico, sen que outorguen ningún dereito económico ou administrativo.

Principios e criterios que deben rexer as distincións honoríficas

Artigo 2.

1. Para a concesión de todas as distincións honoríficas que quedan enumeradas, o Concello de Pol observará as normas regulamentarias que se establecen neste Regulamento.

2. A intención municipal de valorar no alto grao as concesións honoríficas que son obxecto deste Regulamento, conduce a regular que o seu número sexa limitado, en atención aos principios de exemplaridade e estímulo das accións recoñecidas.

3. Os criterios que informarán os expedientes instruídos para o efecto, basearanse no recoñecemento público de condutas, e en concreto teranse en conta os seguintes valores: fidelidade, exemplaridade, honestidade, xenerosidade, sabedoría, valor, todos eles postos en relación co servizo público.

Anuncio publicado en: Num BOP 257 año 2026 (09/11/2026 08:00:00)

TÍTULO II

Dos títulos de Fillo/a Predilecto/a e de Fillo/a Adoptivo/a

Artigo 3.

1. A concesión do título de Fillo/a Predilecto/a só poderá recaer en quen, nacendo en Pol, destacasen de forma extraordinaria, sexa polas súas calidades ou méritos persoais ou polos servizos prestados en beneficio ou honra do Concello de Pol.

2. A concesión do título de Fillo/a Adoptivo poderá outorgarse a persoas que, sen nacer en Pol, reúnan as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.

3. Tanto o título de Fillo/a Predilecto/a como o de Fillo/a Adoptivo/a poderán concederse a título póstumo a quen reúna as condicións e merecementos mencionados.

Artigo 4.

1. A concesión dos títulos de Fillo/a Predilecto/a e de Fillo/a Adoptivo/a será acordada por maioría simple do Concello Pleno, previo expediente instruído para o efecto, no que deberán acreditarse os méritos que xustifiquen estas honras, a proposta do Alcalde-Presidente.

2. A Corporación municipal sinalará a data da celebración da sesión plenaria extraordinaria na que se concederá a distinción honorífica.

3. Os títulos estenderanse en pergamiño artístico, o cal conterá de maneira moi sucinta os merecementos que motivan e xustifican a súa concesión e a lenda "Fillo Predilecto/a" ou "Fillo/a Adoptivo/a", segundo proceda.

Artigo 5.

1. As persoas a quen se conceda os títulos de Fillo/a Predilecto/a ou Fillo/a Adoptivo/a de Pol, previa invitación oficial, terán dereito a acompañar á Corporación Municipal nas solemnidades a que esta concorra, ocupando o lugar que para eles estéalles sinalado.

2. Estas distincións teñen carácter vitalicio e non poderá superar a cifra de cinco, para cada título, mentres vivan os distinguidos, salvo casos excepcionais, nos que a concesión do título deberá ser acordada por maioría simple da Corporación.

TÍTULO III

Das medalla do Concello de Pol

Artigo 6.

1. A Medalla do Concello de Pol é unha recompensa municipal creada para premiar ou recoñecer os méritos extraordinarios que concorran en persoas, entidades ou corporacións, tanto nacionais como estranxeiras por prestar servizo ou dispensado honras ou beneficios culturais ou sociais a Pol.

2. Estas medallas poderán ser concedidas a título póstumo dentro do ano seguinte ao do falecemento do distinguido.

3. Establécense tres categorías: ouro, prata e bronce.

4. Para determinar en cada caso a procedencia da concesión e a categoría da medalla para outorgar, deberá terse en conta a índole dos méritos e servizos, a transcendencia do labor realizado en beneficio ou honra de Pol e as particulares circunstancias da persoa proposta para a condecoración, prevalecendo sempre a calidade dos merecementos sobre o número dos mesmos.

Artigo 7.

1. A Medalla do Concello de Pol terá a forma do Escudo do Concello, o cal figurará gravado no anverso. No reverso farase constar o nome da persoa distinguida e a data de outorgamento.

2. Co obxectivo de que a concesión das medallas non se devalúe, non se poderá conceder ao ano máis dunha medalla.

Artigo 8.

1. O acordo para a concesión da medalla adoptarase en sesión plenaria por maioría simple, previa apertura dun expediente no que se recollan os méritos. A concesión caducará cando faleza o distinguido.

2. Cando a concesión das medallas recaia en funcionarios e empregados municipais haberá que aplicar, ademais das normas recollidas neste regulamento, as que figuren na lexislación vixente sobre funcionarios e empregados da Administración local.

3. No caso de que se concedan a persoas ou entidades estranxeiras será preciso a autorización do Ministerio das Administracións Públicas, previo informe do Ministerio de Asuntos Exteriores.

Anuncio publicado en: Num BOP 257 año 2026 (09/11/2026 08:00:00)

4. As medallas serán outorgadas nun acto solemne, na data que sinale o Concello, acompañadas do correspondente diploma e insignia de lapela.

TITULO IV

Título de Cronista Oficial

Artigo 9

1. O título de Cronista Oficial de Pol recoñece o labor das persoas que realizasen estudos, investigacións ou editado algunha publicación relacionados co municipio e manteñan vinculación co Concello.

2. O nomeamento de Cronista Oficial acordarase por maioría simple do Concello a proposta da Alcaldía-Presidencia, previo expediente instruído para ese efecto, no que deberá acreditarse a vinculación permanente da devandita persoa con Pol e os traballos que se desenvolveron.

3. A concesión desta distinción terá lugar no transcurso dunha sesión plenaria extraordinaria convocada para o efecto, na que o Alcalde entregará ao distinguido un pergamiño artístico acreditativo do recoñecemento e un distintivo de lapela.

Artigo 10.

1. O Título de Cronista Oficial de Pol é unha distinción puramente honorífica, polo que non trae consigo ningunha compensación económica.

2. Esta distinción terá carácter vitalicio. Con todo, poderá cesar por decisión propia ou por acordo plenario e previa instrución de expediente por causa de indignidade para o título.

3. Non se poderá conceder máis dunha distinción ao ano e a cifra de cronistas do Concello non poderán ser superior a catro.

TÍTULO V

Denominación de rúas, edificios públicos e monumentos

Artigo 11.

1. Poderá outorgarse a espazos públicos, rúas, edificios e monumentos, o nome de persoas e entidades que, a xuízo da Corporación, reúnan méritos suficientes, ben sexa por servizos e actividades especiais realizados a favor de Pol, ou pola súa relevancia indiscutible nos ámbitos culturais, sociais, científicos, deportivos ou análogos.

2. A denominación outorgarase polo Concello Pleno, previa aprobación por maioría simple.

3. No acordo de otorgación, cando se trate de denominacións co nome dunha personalidade viva, facultarase ao Ilustrísimo Alcalde para fixar a data na que, en acto público, o distinguido procederá a descubrir a placa da honra concedida.

Artigo 12.

A concesión de placas, diplomas, inscricións e outro tipo de agasallos institucionais, con carácter honorífico, de recoñecemento ou de agradecemento, será acordada por maioría simple do Concello Pleno, previo expediente instruído para o efecto, no que deberá acreditarse os méritos que xustifiquen estas honras, a proposta do Alcalde-Presidente.

TÍTULO VI

Da declaración de Loito Oficial

Artigo 13.

O Sr. Alcalde, mediante Decreto do que se dará conta o Pleno, poderá acordar a declaración de loito oficial no Concello cando sucedan feitos que aconsellen esta decisión. Nestes casos, as bandeiras de todos os edificios públicos ondearán a medio mastro e levarán colgado un crespón de cor negra.

TÍTULO VII

Do procedemento para a concesión de honras e distincións

Artigo 14

1. A concesión das distincións honoríficas que se recollen neste Regulamento serán obxecto de apertura dun expediente no que se recollan os méritos e circunstancias que xustifican a súa concesión.

2. A iniciación do procedemento farase por resolución de Alcaldía, xa sexa por propia iniciativa ou a requirimento dunha terceira parte dos membros da Corporación.

3. Na tramitación do expediente recollerase: exposición de motivos, notas biográficas da persoa proposta ou breve recensión histórica da entidade proposta, currículo e accións meritorias reseñables.

Anuncio publicado en: Num BOP 257 año 2026 (09/11/2026 08:00:00)

4. Se o Pleno acorda o seu outorgamento, comunicarase ao interesado a resolución coa certificación da Secretaría do Concello.

Artigo 15.

1. Todas as honras e distincións concedidos serán rexistrados no Libro-Rexistro de Honras e Distincións, que será, pola súa importancia, levado e custodiado persoalmente polo Secretario da Corporación.

2. O Libro-Rexistro estará dividido en tantas seccións como distincións honoríficas regule este Regulamento.

3. En cada sección inscribirase, por orde cronolóxica de concesión, os nomes e as circunstancias persoais de cada un dos favo favorecidos, os méritos que se lle atribúen, a data da concesión e a do falecemento para quen recibe o distintivo a título póstumo.

4. O Concello poderá privar das distincións que son obxecto deste Regulamento, coa consecuente cancelación do asento no libro-rexistro, a quen incorra en faltas que aconsellen esta medida extrema. O acordo da Corporación en que se adopte esta medida irá precedido da proposta e informe reservado da Alcaldía e requirirá o mesmo número de votos que foi necesario para outorgar a distinción de que se trate.

Disposición derrogatoria

Quedan derrogados e sen ningún efecto calquera normas, ordenanzas, regulamentos ou acordos anteriores que sobre esta materia contradigan o establecido no presente, que entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Pol, 4 de novembro de 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3050

RÁBADE

Anuncio

Decreto de Alcaldía de data 03 de novembro de 2026.

Vista a solicitude para celebración de matrimonio civil presentada neste concello por dona AVL con DNI Nº **5566**-M e don DSB con DNI Nº **5403**-W

E que o día 07.04.2026 a Encargada da Oficina Xeral do Rexistro civil de Lugo autorizou a delegación para que o alcalde do concello Rábade reciba o consentimento matrimonial.

Visto o artigo 51 do Código Civil, modificado pola Lei 35/1994, de 23 de decembro, sobre autorización de matrimonio civil polos alcaldes, e os artigos 124, apartado quinto, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, RESOLVO:

Primeiro.- Delegar no concelleiro D. Alejandro Martínez Campos a competencia para a celebración do matrimonio civil entre dona AVL e don DSB o día 19.11.2026 bastando con que na acta de autorización do matrimonio se faga constar que o concelleiro actúa por delegación da alcaldesa.

Segundo.- Comunicar esta resolución ao concelleiro delegado e proceder á súa publicación no BOP Lugo.

Terceiro.- Dar conta desta delegación ó Pleno na primeira sesión que se realice.

Rábade, 3 de novembro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Remedios González Cabarcos.

R. 3034

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decretos da Alcaldía de data 2/11/2026 os Padróns do 2º Trimestre de 2026 do servizo de recollida de lixo rural e do servizo de abastecemento de auga, canon, sumidoiros e recollida de lixo e por decretos de 3/11/2026 o Padrón do SAF e Madrugadores do mes de outubro, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 20 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderán interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida

Anuncio publicado en: Num BOP 257 año 2026 (09/11/2026 08:00:00)

xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O mesmo tempo establecese un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei. No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa exixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 3 de novembro de 2026.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 3035

VIVEIRO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 2 de novembro de 2026, o expediente de modificación do orzamento 2026, na modalidade de suplemento de crédito, en cumprimento do disposto no artigo 38 do RD 500/1990 e por remisión o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mismo texto normativo.

Viveiro, 4 de novembro de 2026.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 3051

XOVE

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía nº 2026 -1568 de data 3 de novembro de 2026,aprobouse inicialmente o Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de Escola de Música, correspondente ao curso 2026/2027.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 03 de novembro ata 02 de xaneiro de 2027; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria tal e como dispón o artigo 7 do Acordo Regulador pola prestación do servizo de Escola de Música do Concello de Xove ou, no seu defecto, en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público,.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 3 de novembro de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3052

Anuncio publicado en: Num BOP 257 año 2026 (09/11/2026 08:00:00)

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía núm. 2026-1563 de data 3 de novembro de 2026, aprobáronse os Padróns do Prezo Público pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre (ioga, bolillos e bordado, ximnasia de mantemento, pilates e forza e xovesperta) correspondentes a mensualidade de novembro de 2026.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 10 de novembro ata 9 de xaneiro de 2027; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria ou, no seu defecto, en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público, tal e como dispón o artigo 6 do Acordo Regulador pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre do Concello de Xove.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 3 de novembro de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3053

Anuncio publicado en: Num BOP 257 año 2026 (09/11/2026 08:00:00)